




## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

Vigo, a 25 de xaneiro de 2016


### REUNIDOS



Dunha parte, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2014, do 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 79, do 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010). Con enderezo en Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra parte, D. Isidoro Hornillo Baz, con DNI 32426699B, Presidente da Federación Galega de Atletismo, con domicilio social en Avenida Glasgow nº 13 Complexo Deportivo de Elviña, 15008 A Coruña, nomeado oficialmente con data o día 4 de setembro de 2014, coas competencias que lle outorga a Orde do 28 de xullo de de 1995, reguladora das federacións deportivas galegas.

### EXPOÑEN



**PRIMEIRO.-** Que a Universidade de Vigo contempla no artigo 107 dos seus Estatutos que a práctica deportiva na Universidade é parte da formación do alumnado e considérase de interese xeral para todas as persoas que pertencen á súa comunidade universitaria. Por este motivo, a Universidade establecerá as medidas oportunas para favorecer esta práctica e proporcionará instrumentos para a compatibilidade efectiva desta práctica coa formación académica, no caso de ser necesarias.

**SEGUNDO.-** Que a Federación Galega de Atletismo ten recollido no artigo 6 dos seus Estatutos como una das súas funcións propias a de colaborar coas administracións públicas no fomento e promoción xeral do atletismo dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

**TERCEIRO.-** Que as dúas institucións veñen colaborando na promoción e fomento do atletismo e teñen interese en seguir reforzando e explotando as sinerxías existentes entre elas.



Por todo isto, e tendo ambas institucións capacidade xurídica suficiente, acordan subscribir o presente Convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio céntrase fundamentalmente en dous aspectos:

- A regulación do uso por parte da Federación Galega de Atletismo das instalacións e do material deportivo para a práctica do atletismo do que dispón a Universidade de Vigo.
- O establecemento das estipulacións administrativas, técnicas e económicas baixo as cales debe desenvolverse o programa de fomento do atletismo que a Federación Galega de Atletismo levará a cabo entre a comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

### SEGUNDA.- Uso das instalacións e do material deportivo

A Universidade de Vigo facilitaralle á Federación Galega de Atletismo e aos seus clubs e atletas asociados o uso das instalacións e do material deportivo para a práctica do atletismo do que dispón no Campus As Lagoas (Ourense) e no Campus Lagoas - Marcosende (Vigo). O uso destas instalacións estará restrinxido á celebración de competicións, adestramentos e cursos de formación desta modalidade deportiva.

A tal efecto, a Federación Galega de Atletismo achegaralle á Universidade, coa debida antelación, a listaxe de persoas e entidades asociadas. Estas presentarán as súas solicitudes de acordo co procedemento de reserva de espazos establecido pola Universidade.

Co obxectivo de non interferir nos demais usos das instalacións deportivas, establécese ademais un máximo de 150 h anuais de reserva das instalacións para a celebración de actividades, eventos e cursos de formación de atletismo e un máximo de 80 atletas con autorización para poder adestrar nas ditas instalacións.

O custe deste uso das instalacións calcularase en base ás taxas que cada ano son aprobadas polo Consello Social da Universidade de Vigo e contabilizarase nos orzamentos da Universidade de Vigo como unha subvención en especie á Federación Galega de Atletismo con cargo a aplicación orzamentaria 00EU211E48409. Naqueles casos non suxeitos legalmente a exención, o IVE devengado polo uso destas instalacións deportivas deberá ser asumido en todo caso pola Federación Galega de Atletismo que notificará previamente esta circunstancia á Universidade de Vigo para que esta lle emita a correspondente folla de liquidación para o pago do dito imposto.

### TERCEIRA.- Programa de fomento do atletismo



A Federación Galega de Atletismo adquire os seguintes compromisos para fomentar esta modalidade deportiva entre a comunidade universitaria e para maximizar o uso das instalacións atléticas das que dispón a Universidade de Vigo:

- Eximir do canón oficial da FGA aos eventos oficiais de atletismo organizados nas instalacións propias da Universidade de Vigo.
- Aplicarlle á comunidade universitaria un desconto do 25% no custe das matrículas dos cursos de formación organizados pola Federación Galega de Atletismo.
- Aplicar un desconto do 25 % no custe das arbitaxes dos eventos oficiais de atletismo organizados nas instalacións propias da Universidade de Vigo.
- Facilitar a realización de prácticas curriculares ao alumnado de Grao en Actividade Física e do Deporte nos clubs ou núcleos de atletismo galegos.
- Asesorar en materia de organización e xestión do atletismo.

## CUARTA.- Publicidade

A Federación Galega de Atletismo dará a máxima difusión a esta colaboración facendo referencia á marca "Universidade de Vigo" nos soportes publicitarios propios das actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, a Federación Galega de Atletismo poderá incluír nestes soportes os logos de calquera outro patrocinador sempre e cando sexan compatibles e non entren en conflito coa imaxe da Universidade de Vigo.

## QUINTA.- Obrigas sociais, fiscais e laborais

A Federación Galega de Atletismo asume a dirección técnica das actividades e eventos realizados ao abeiro deste convenio, segundo a súa propia metodoloxía e persoal, respectando en todo momento os regulamentos e normativas da Universidade que lle puidesen ser de aplicación. O persoal que a entidade utilice para o desenvolvemento destas actividades en ningún caso adquirirá relación laboral coa Universidade.

A Federación Galega de Atletismo comprométese ademais a respectar toda a lexislación que como entidade deportiva lle sexa de aplicación (protección de datos, facenda, seguridade social, titulación deportiva do seu persoal, voluntariado, etc) aportando, nun prazo máximo de 15 días dende a súa solicitude, toda a documentación relacionada co programa que lle sexa requirida pola Universidade de Vigo.

## SEXTA.- Seguros

A Federación Galega de Atletismo responderá dos danos que puideran ocasionarse por un uso inadecuado das instalacións, equipamentos ou material da Universidade de Vigo ou por unha deficiente organización dos eventos e actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio. A tal efecto, a entidade achegará copia da correspondente póliza de



responsabilidade civil subscrita cun capital de cobertura mínimo de 300.000 € e que deberá manterse en vigor durante toda a duración do convenio, quedando a Universidade de Vigo libre de calquera responsabilidade neste eido.

Ademais, o persoal (directivos, adestradores, voluntarios, atletas, etc...) da Federación Galega de Atletismo e das súas entidades asociadas que realice o seu labor nos espazos e instalacións universitarias deberá estar asegurado contra accidentes por parte da dita entidade. A tal efecto, achegarase a correspondente póliza de seguros actualizada que deberá manterse en vigor durante toda a duración do convenio, quedando a Universidade de Vigo libre de calquera responsabilidade polos accidentes ou enfermidades que puideran sufrir estas persoas no recinto da Universidade de Vigo.

## SÉTIMA.- Control da execución do convenio

Para o control da execución do presente convenio establecerase unha comisión paritaria de seguimento, composta por unha banda, polo Vicerreitor/a de Extensión Universitaria e RR.II. ou persoa en quen delegue e, por outra, polo Presidente da Federación Galega de Atletismo, ou persoa en quen delegue.

A presente comisión reunirase cando menos unha vez durante a vixencia deste convenio, expedindo certificación do seu cumprimento á finalización do mesmo.

## OITAVA.- Vixencia do convenio

A duración do presente convenio abrangue dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o remate dese mesmo ano, entendéndose renovado anualmente, se non se producen variacións ou denuncia expresa do mesmo por algunha das partes. A duración total do convenio (incluíndo as renovacións) será de catro anos como máximo, entendendo finalizado o mesmo o 31 de decembro de 2019.

## NOVENA.- Natureza administrativa do convenio

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola Comisión Mixta Paritaria, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

## DÉCIMA.- Convenios anteriores

A sinatura deste convenio deixa sen vixencia todos os anteriores asinados entre as mesmas entidades e coa mesma finalidade

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio no lugar e data indicados ao comezo.



POLA UNIVERSIDADE DE VIGO



Salustiano Mato de la Iglesia

POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

Isidoro Hornillo Baz

